

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

CONXUNTO DE GAITA GALEGA

(G. Profesional)

Departamento de Conxunto

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

Introducción.....	3
Obxectivos:	3
Contidos:	4
Procedementos de avaliación:	4
Mínimos esixibles:	4
Criterios de calificación:	4
Proba extraordinaria por perda de avaliación continua en Xuño.	5
Setembro:.....	5
Ampliación:.....	5



Introducción

A práctica da música de conxunto durante o período de estudo correspondente ó Grao Profesional do ensino, responde a unha serie de necesidades do alumnado de música que dificilmente poden ser atendidas se non é a través desta actividade.

O repertorio conxuntístico constitúe o medio idóneo para que o alumno desenvolva o sentido da afinación que debe ser en todo momento intuitivo e mimético requirindo unha longa praxe musical preferentemente en música de conxunto. Así mesmo o exercicio da música en grupo deberá estimular a capacidade do alumno para escoitalos demais instrumentos namentres se toca o propio, e tamén para desenvolve-lo sentido da sonoridade de rigor do conxunto.

Esta materia, obriga ós músicos a desenvolveren determinados hábitos de autodisciplina e método extremadamente beneficiosos, tales como a homoxeneización da articulación e planificación de tódolos gaxes que comprenden a respiración e manipulación educativa dos diversos instrumentos propios con outros de diferente natureza.

E xa, para recapitular, o cultivo e práctica da música de conxunto resulta imprescindible na formación instrumental, proporcionando a mellor aplicación práctica dos coñecementos adquiridos nas clases individuais de instrumento permitindo a súa práctica musical nas mellores condicións de espontaneidade e distensión.

Obxectivos:

- Valorar a música de conxunto coma un aspecto fundamental da formación musical e instrumental en traballo de equipo.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para así poder escoitar simultaneamente as diferentes partes ó mesmo tempo que se executa a propia.
- Tratarase de demostrar un bo control do instrumento en xeral, afinación, tempero, posición e correspondencia da mellor coordinación de xuntamento cos demais compañeiros na interpretación da música e obras de rigor para intentar conseguilo mellor traballo de equipo.
- Procurar que o repertorio a esgrimir inclúa a mellor quenda de obras representativas das diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde o nivel de cada grupo.
- Deveranse evidenciar puntualmente as diversas convencións interpretativas vixentes, tendo en conta a evolución en distintos períodos da historia da música instrumental que concerne a esta especialidade instrumentística, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación de rigor que deberá imprirselle cando proceda ás obras a interpretar de acordo coas características expresivas e estilísticas correspondentes a cada cal.



Contidos:

- Procurar controla-lo desenvolvemento da velocidade en tódala extensión do instrumento. Estudo con perseverancia do requinteo máis e mellor doado posibel. Estudo dos ornamentos segundo os casos: trinos, grupetos, apoiaturas, mordentes, as notas picadas e os batementos de máis relevancia, as notas de adorno, semitrinos, o dobre e triple picado, o floreo ou vibrato, etc.
- Practicar todo o referente ás articulacións, e traballo de tódolos elementos que interveñan no fraseo musical; liñas, cores e expresións adecuadas ós diferentes estilos, e con especial atención ó estudo dos tempos lentos.
- Traballo do repertorio para dúos, trios e cuartetos de música tradicional.
- Insistir no desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolve-la afinación e tamen o axuste e precisión rítmica así como un adestramento permanente da memoria musical.
- Iniciación á comprensión das diversas estruturas musicais nos seus distintos niveis, motivos temas, temas, períodos, frases, seccións etc...; para así tratar de chegar a unha interpretación conscente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ó grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguilo mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

Procedementos de avaliación:

- Avaliación continua do traballo no aula
- Avaliacion da audición de fin de trimestre e fin de curso
- Proba práctica trimestral na que deberá interpretar:
 1. Unha obra escollida por él, que será tocada de memoria.
 2. Dúas obras escollidas polo profesor.

Mínimos esixibles:

- Ser capaz de ornamentar obras de diferentes estéticas conseguindo o empaste no grupo.
- Amosar o dominio da afinación do instrumento. O alumno deberá amosar asimesmo un bo nivel en canto á afinación do instrumento en conxunto
- Interpretar un mínimo de seis obras axeitadas ó nivel reflectido nos contidos.

Criterios de calificación:

- Integración e/ou participación do alumno ás actividades do departamento.
- Traballo diario nas aulas.
- Capacidade interpretativa en publico, ben sexa en audicións ou concertos.



- A asistencia e puntualidade .

Proba extraordinaria por perda de avaliación continua en Xuño.

O número de faltas no curso que provocan a perda de avaliación continua (xustificadas e sen xustificar) será de 9. O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de seis obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por él, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.

Setembro:

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de seis obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por él, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.

Ampliación:

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de cinco obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por él, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.